



**A ASOCIACION CULTURAL GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO" DE CORNELLÀ (BARCELONA) CONVOCA  
O CERTAME DE POESÍA DO ANO 2021. Baixo as seguintes BASES:**

**XXXV EDICIÓN DO CERTAME DE POESÍA EN LINGUA GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO"**

1.- O poema estará escrito en lingua galega e terá un mínimo de TRINTA versos e un máximo de CEN versos. Admitiranse conxuntos de poemas con temática común, sempre que non excedan dos CEN versos.  
**IMPORTANTE: non encadernar nin grampar. Numerar paxinas, aforrar papel na medida do posible.**

2.- Os traballos poden enviarse do seguinte xeito:

**A)** Por correo ordinario ao enderezo da Entidade: rúa Federico Soler, nº 71. 08940 – Cornellà de Llobregat (BCN). No remite non poderá figurar o autor. Dentro, noutro sobre pechado, deberá estar o título do poema e no interior os datos do autor: nome, apelidos, DNI, tfono e correo electrónico. Os premiados deberán facilitar os traballos en soporte informático, tipo Documento Word ou PDF, á organización.

**B)** Enviando un correo electrónico a dirección: [certameacgrosaliadecastro@gmail.com](mailto:certameacgrosaliadecastro@gmail.com) Enviando os mesmos datos requiridos para o envío por correo ordinario, aínda que nun documento adxunto, pero non identificativo para poder facer as copias. De tal xeito que tan só o albacea do Certame (persoa designada pola Xunta Directiva da Entidade) terá acceso a esa dirección electrónica e fará as copias oportunas para facilitárllelas aos membros do Xurado do Certame.

3.- No primeiro caso **A)** Terán que enviar CINCO copias dos poemas. Quedan exentos das copias os enviados por correo electrónico. **PRAZO DE ENTREGA: 15 de OUTUBRO do 2021.**

4.- Non se considerarán partícipes máis de dúas aportacións dun por autor. É dicir, tan só se admitirán dous poemas ou conxunto de poemas a un autor, de tal xeito que será premiado un só dos poemas presentados por ese autor.

5.- A Asociación C.G.Rosalía de Castro nomeará ao Xurado entre personalidades relevantes da creación e da crítica literaria.

**6.- 1º Premio : 1.100 €.**                      **2º Premio: 250€,**                      **3º Premio 150€**

O Xurado pode propoñer algún Accésit, pero sen aportación económica algunha.

7.- O veredicto do Premio darase a coñecer no transcurso das Xornadas Culturais que a *A.C.G. Rosalía de Castro* celebra nos finais de Outono do 2021.

8.- O feito de concursar supón acepta-las Bases do Certame, así como as resolucións do Xurado. Non se devolverán os orixinais presentados.

9.- A Entidade resérvase o dereito de publicación e tradución dos orixinais gañadores no formato e medio que estime oportuno, sen límite de exemplares e de edición, permitíndolle aos autores calquera outra posible edición posterior, baixo acordo e comunicación coa Entidade, facendo citación expresa da Entidade e do Certame.

Cada ano, na revista da *A.C.G.Rosalía de Castro*, "LÚA NOVA", véñense publicando os premiados neste Certame de Poesía en Lingua Galega. E cada cinco anos recóllense tódolos premiados publicándose un libro conmemorativo.